

TEXTO I para

“A MORTE DO PAI”

Escrevo-che pai, agora que estás morto, agora que os teus lábios non poden maltratar-me; e serán, sei-no, os versos mais puros que xamais escrivin. Porque eu precisava, no meu interior de neno aterrado, dos teus ollos cansos de me espreitaren na noite, precisava do teu corpo onde a paixón dormia, dos teus xestos de raiva e de rancor solermes para construír palabras perfectas, perfectos signos da dor no rostro do vencido. Lembra, pai, se pudes lembrar nesa rexión infinita do alén onde resides dos anos que pasaron polas miñas mans para se refuxiaren nas extremas lindes, lembra todo o que fomos na felicidade opaca...

Mas precisava matar-te. Comprende-o, non quera!. Ti dormias no mais fondo das augas, no leito do caudaloso río que era difícil cruzar sen te pisar no peito... e eu sentia as tuas caricias de exílio ao pousar-las na fronte ou polos xoellos tristes... Si!, pai, acaso agora entendas, porque eu ia veloz me refuxiar no oco da araucária onde estaba a miña nai, figura inxel, prendida largamente no extremo das suas tranzas. Entón ela collia-me no colo, o rosto contra o rosto acompasado, un bico de vagar para me dormir axiña, un balbordo de cousas húmidas a me nasceren nos dedos...

Non ten ódio xa, non podo odiar-te; mas querer-te tampouco, non mo esixas!, estás morto e iso fai que as pálpebras se fechen co cansazo ao pensar que daquela havitávamos a casa onde o mar chegava às veces iracundo, ruxindo embravecido e dilatado.. e havia momentos nos que tiña medo, medo de ti, do silencio, do vento que batia nas xanelas, do tacto co terror que morava en cada esquina do edificio. E ao ter medo corria, a fuxir de ti,... non sei, do medo aquel que alampava subtil en cada xesto mesmo... e eu corria, corria entolecido até chegar sen folgos ao curruncho mais apartado da casa onde havia peixes, gritos e poemas; e nunca puden resistir tanta presenza inútil, o vago resplandor da tua palabra inintelixível, proibida e punxente como un clamor doloroso ao pousares en min a tua man enorme, ao sentir a presión dos teus dedos nos meus dedos que empuñaban decididos unha espada... e entón estaba sempre a miña nai chorando nun recanto obscuro, non dizia nada... cos ollos a miraren as ondas sobre o mar viren alancando. Eu sei que esta carta, pai, non xustifica nada, nen sequer a tua morte ou o prazer de amar-te às veces tanto. E é imposible o ódio, xa cho dixen, e é imposible o amor e fica só a indiferencia apenas cando a casa estremece ao pronunciar o teu nome soterrado baixo a língua.

FRANCISCO SALINAS PORTUGAL (Güín, Límia B.,

1955). Mora na Coruña.

Profesor de Língua e Literatura galegas.

Poemários en colectivos: Alén, De amor e desamor I e II.

A saír (poesía): Os habitantes da culpa.